

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE DA XUNTA DE GALICIA E A FUNDACIÓN FERAMA PARA A RENOVACIÓN DO COMPROMISO DE INTEGRACIÓN NA REDE DE BIBLIOTECAS DE GALICIA DA AXENCIA DE LECTURA DA FUNDACIÓN FERAMA DEPENDENTE DELA.

Ámbito competencial

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma ao que lle corresponden as competencias e funcións en materia de promoción e difusión da cultura e, en concreto, das atribucións en materia de bibliotecas, segundo o establecido no Decreto 198/2020, do 20 de novembro, polo que se establece a súa estrutura orgánica. Neste sentido, no seu artigo 21, establece que lle *corresponde a xestión do Rexistro de Bibliotecas, dos procedementos de integración na rede, e de creación de novos centros, así como a declaración de bibliotecas de especial interese para Galicia.*

Dentro dese ámbito competencial, a Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia, define a Rede de bibliotecas como un grupo coordinado de bibliotecas que comparten políticas bibliotecarias comúns, así como recursos e servizos, co fin de lograr a prestación do mellor servizo público dispoñible ás persoas usuarias. Segundo establece o artigo 7 da citada lei, *correspóndelle á Consellería de Cultura, Educación e Universidade tramitar e resolver os procedementos de integración de bibliotecas públicas ou servizos bibliotecarios na rede, segundo o establecido nesta lei e no seu desenvolvemento regulamentario, como órgano de dirección e coordinación do Sistema galego de bibliotecas, dentro do que se encadran as bibliotecas públicas integradas na Rede de Bibliotecas.*

Con este fin, regúlanse os procedementos de rexistro e integración das bibliotecas na Rede de Bibliotecas de Galicia segundo establece o Decreto 41/2001, do 1 de febreiro, de refundición da normativa en materia de bibliotecas, segundo establece no artigo 7, a rede configúrase *como a estruturación nun sistema coordinado, dos centros bibliotecarios incluídos no Sistema Bibliotecario de Galicia. Forman parte dela tanto os centros bibliotecarios dependentes directamente da consellería competente en materia de cultura, coma todos os de titularidade pública ou privada que, mediante a sinatura dun convenio, se comprometan a colaborar nos obxectivos de mellora do sistema bibliotecario que se perseguen coa dita rede.*

Por outra parte, a Fundación FERAMA xa conta co seu servizo bibliotecario integrado na Rede de Bibliotecas de Galicia, trala formalización de todos os trámites requiridos para tal fin. Para que a integración dos centros bibliotecarios municipais na Rede sexa firme e efectiva, a normativa establece a necesidade de asinar un convenio no prazo de tres meses dende a publicación da correspondente orde de integración o DOG.

Antecedentes

Coa publicación da Orde do 19 de maio de 2015 pola que se resolve a integración da Axencia de Lectura da Fundación FERAMA na Rede de bibliotecas de Galicia (DOG núm. 105, do 5 de



xuño de 2015), integrouse na Rede de Bibliotecas de Galicia a Axencia de Lectura da Fundación FERAMA, de titularidade da devandita entidade. A integración resolveuse coa sinatura do correspondente convenio o 17 de agosto de 2015.

Obxecto

En consecuencia, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Comunidade Autónoma de Galicia e a Fundación FERAMA acordan a formalización deste convenio co obxecto da renovación do compromiso de inclusión do centro bibliotecario na Rede de Bibliotecas de Galicia.

Importe e tipoloxía dos fondos económicos

A execución do presente convenio non representa incremento de gasto para a Comunidade Autónoma respecto das liñas de traballo establecidas nos plans orzamentarios actuais nin terá repercusión en exercicios futuros, salvo a organización de actividades formativas e os plans e proxectos de cooperación que se poidan establecer nos que os gastos se instrumentarán xuridicamente a través dos correspondentes procedementos administrativos segundo a lexislación aplicable.

Normativa aplicable

A este convenio seranlle de aplicación as seguintes normas:

- Artigos 44.1 e 149.2 da Constitución Española.
- Artigo 27.18 do Estatuto de Autonomía da Comunidade Autónoma de Galicia.
- RD 1531/1989, do 15 de decembro, sobre traspaso das funcións, servizos e medios en materia de cultura á Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 41/2001, do 1 de febreiro, de refundición da normativa en materia de bibliotecas
- Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia.
- Artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
- Artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Artigo 15.2 Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno
- Decreto 130/2020, do 17 de setembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia (DOG núm. 190 do 18 de setembro)
- Decreto 198/2020, do 20 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade (DOG núm. 242, do 1 de decembro).
- Orde do 19 de maio de 2015 pola que se resolve a integración da Axencia de Lectura da Fundación FERAMA na Rede de bibliotecas de Galicia. DOG núm. 105, do 5 de xuño de 2015. Procedemento CT230B.





Interese

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade ten especial interese en asinar este convenio co obxecto de renovar o compromiso de integración do centro bibliotecario da Fundación FERAMA na Rede de Bibliotecas de Galicia. Cumprindo polo tanto, o obxectivo de que todas as bibliotecas que están activas se atopen en igualdade de condicións á hora de acceder a todos os recursos que lle ofrece a administración autonómica ás entidades titulares destes servizos.

Pola súa parte, a Fundación FERAMA pon de manifesto o seu compromiso para acadar o cumprimento eficaz das funcións do centro bibliotecario e a satisfacción dos dereitos das persoas usuarias do mesmo.

Este convenio asínase cun período de vixencia de catro anos a partir da data da súa sinatura, entenderase prorrogado automaticamente por prazos anuais ata o límite máximo previsto no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

As actividades que ampara son de interese social para a cidadanía galega e veñen a mellorar o acceso á cultura e ao coñecemento da cidadanía galega en xeral e dos usuarios e usuarias das bibliotecas en particular.

Trátase dun convenio de colaboración para achegar á cidadanía galega en xeral entre outros servizos, o acceso universal á colección deste servizo bibliotecario.

Santiago de Compostela

O secretario xeral de Cultura

Anxo M. Lorenzo Suárez

